

Éxito das
Festas da
Lamprea Seca
e do Viño
do Condado



Páxina IXI

Ampliación
Ponte
Internacional
Salvaterra-
Monção



Páxina XI

Tui renumera os
seus inmobles



Páxina IX

600
composteiros
domésticos na
Guarda



Páxina XII

Cónsul de Cuba
visita Baiona



Páxina XVIII



XXVIII Día de Galicia en Asturias

Páxina XVI

Ourense aprobou a nova ordenanza sobre terrazas en bares

Páxina VIII

Instalada a pasarela peonil entre Oleiros e Leirado



Páxina X



OPINIÓN

Por Roberto Mansilla Blanco

Un Milei para 'salvar' a VOX

Na política, ás veces, hai curiosas (e tamén odiosas) comparacións. Esas comparacións poden ser froito da casualidade ou tamén da causalidade, todo depende. Este carrusel de curiosidades lévanos a unha comparativa entre o que está sucedendo en América Latina e España.

Miremos o caso de VOX, en franco retroceso electoral tralo 23X, con visos de certo distanciamento político incluso por parte de aliados 'naturais' como o PP. Pero se lle botamos unha ollada aos recentes procesos electorais latinoamericanos vemos que esa opacidade de VOX non é tan palpable. Se cruzamos o Atlántico, a súa mensaxe política, polo visto, goza de boa saúde electoral.

É o que estamos vendo na Arxentina, terra de tanta emigración ibérica. Un candidato definido como 'libertario', Javier Milei, tildado dende diversos sectores mediáticos e político como un típico 'facha', 'filonazi', entre outros epítetos, ven de gañar con máis do 30,17% dos votos, o pasado 13 de agosto, as eleccións primarias para definir as candidaturas presidenciais arxentinas. Será o vindeiro 22 de outubro cando os arxentinos elixirán ao seu presidente e decidan o seu futuro. Se vemos o que pasou nas primarias, Milei podería 'alzar' a banda presidencial: obtivo case sete millóns de votos, moitos deles de clases populares e da mocidade, gañando en 16 das 24 provincias arxentinas liderando o seu partido "La Libertad Avanza", fundado a penas en 2021.

Curioso que un 'ultraliberal' dereitista aliado confeso de VOX como Milei sexa o

que, desta vez, mobilice o voto protesta e 'antisistema' na Arxentina. "O Pelucas", como coloquialmente se lle coñece polo seu estilismo que raia na estridencia típica dun "rock star" aderezada polo histrionismo verbal, é hoxe quen abandera o descontento social contra a 'casta', o 'establishment' de poder. Lles soa esta mensaxe? Pois si, curiosamente é o mesmo slogan que un político español, Pablo Iglesias, quen está nas antípodas do que representa ideoloxicamente Milei, liderou nos "dourados anos felices" de Podemos, alá polo 2015.

Pero seguimos na Arxentina. Non perdamos de vista que a segunda opción nas primarias foi tamén "dereita pura e dura": Patricia Bullrich, ex ministra de Seguridade, alcanzou o 28% dos votos liderando a plataforma Juntos por el Cambio, impulsada polo ex presidente-empresario Mauricio Macri. Cuestión de aritmética: case un 60% dos votantes arxentinos decantáronse pola dereita máis extrema, sexa esta con tintes liberais, conservadores, antiprogresistas, antiesquerdistas, antiglobalistas anti Soros, negacionistas, centrodereita e incluso afectos á ditadura militar, como vemos no caso dalgúns membros do equipo de Milei. En poucas palabras, Milei e Bullrich achéganse a un populismo de dereitas estilo trumpista que tanto gusta a VOX.

A que ven toda esta comparación? Que nunha América Latina que sempre é noticia polos seus xiros vertixinosos no seu péndulo político, como vimos nos últimos anos co retorno da esquerda en Brasil, Chile, Colombia ou México, pois agora observa unha tendencia "voxista" con Milei

á cabeza. Pero na que tamén están os Bolsonaro en Brasil, o 'pinochetista' Kast en Chile, a dereita do PAN e da rede ultracatólica El Yunque en México, en Perú, Bolivia e quizáis Ecuador e outros tantos países onde estes liderados van collendo forma politicamente. E todos ou practicamente todos eles simpatizantes e aliados de VOX.

"Curioso que un 'ultraliberal' dereitista aliado confeso de VOX como Milei sexa o que, desta vez, mobilice o voto protesta e 'antisistema'"

Pois si, está cobrando forma unha Internacional de Dereitas de todo tipo pero cada vez máis extremista que sabe que "falar duro, alto e claro" da votos. E o epicentro deste Internacional estaría en Madrid, en VOX e think tanks e fundacións como Fundación Disenso, Iberósfera e a Carta de Madrid creadas para, tal e como oficialmente así se presenta, dar a "guerra cultural" contra a esquerda global e o "comunismo totalitario" presuntamente atribuído a todo ese universo presente no Foro de São Paulo.

Tendencia dereitista a tomar en conta nunha rexión latinoamericana permeada polas redes criminais, as desigualdades e a pobreza. Un momento perigoso que xa observamos co asasinato en Ecuador o pasado 9 de agosto do candidato Fernando Villavicencio. O 'sicariato' ten presenza na política rexional. E a preocupación pola seguridade cidadá aumenta, caldo de cultivo para fortalecer estas tendencias de populismo de dereitas. Este 15 de agosto asumiu o novo presidente paraguaio,

Santiago Peña, do conservador Partido Colorado. Peña considerou como prioridades a seguridade cidadá e a loita contra a criminalidade. Ollo que o tema ten impacto nas axendas e nas políticas públicas e máis tralo asasinato de Villavicencio e co tándem Milei-Bullrich cabalgando, posiblemente xuntos, cara a presidencial Casa Rosada. Un tándem ao que o propio FMI non escapa de ter atención: xa se reuniron por separado cos seus respectivos equipos para "establecer prioridades". Estamos ante novas 'recetas FMI' cun novo escenario político arxentino?

Durante moitos anos, a 'dereita mediática' fustigou contra os 'perigos' que para a democracia tiñan líderes esquerdistas como Chávez, Lula, Evo Morales, Rafael Correa, López Obrador, os Kirchner, Petro. Todos eles no poder por votación popular aínda que algún deles, como Chávez, cun talante máis autoritario. Hoxe ven a reacción, tamén mediática e política, por parte de sectores progresistas e de esquerdas que alertan contra a "Internacional" que VOX e Milei están formando e os perigos que entrañan para a democracia, aínda que eventualmente cheguen ao poder polos votos. Xa o sabemos: se seguimos coas comparacións tamén temos as históricas. Porque Hitler chegou ao poder en 1933 tras unhas eleccións. Estaremos presenciando un revival dos anos 1930 nesta a nosa época de pandemias, guerras e nostalgia da 'man dura'? Quen sabe. Pero para VOX, claramente, Milei é a oportunidade de "facer as Américas" pensando sempre en conectar coa "Nai Patria".



Por Francisco Peña. Científico, académico, experto en saúde ambiental e saúde pública.

Avanzar cara o 'residuo cero': o camiño a seguir

Os residuos teñen que deixar de ser un problema e converterse nunha oportunidade, tendo como obxectivo de futuro o 'residuo cero' (mentalidade máis sostible, hábitos máis responsables, e de produción, embalaxe e consumo de moitos menos residuos). Reutilizar os produtos para que non volvan á natureza en forma de residuos o basura, coa finalidade de que non amenacen o medio ambiente e a saúde humana.

Das directrices comunitarias emanen uns criterios de tratamento, pero non uns procedementos, estando obrigados os países membros da Unión Europea a formular plans de tratamento, pero a forma de facelo é cousa de cada país. A actual normativa sobre a xestión e tratamento de residuos



garantiza a seguridade e inocuidade para a saúde humana e o ambiente, aínda que é necesario insistir na necesidade de reducir a pegada de carbono. O novo concepto de xestión integral de residuos urbanos vixente nos países máis avanzados, contempla os distintos tipos de tratamentos e destaca a necesidade de profundizar na complementariedade de procedementos, seleccionando o mellor sistema de entre os posibles e existentes na actualidade, tendo en conta as tendencias e previsións de futuro, coa finalidade de chegar a unha solución global que sexa viable e eficiente. En calquera caso, é fundamental separar correctamente os residuos que xeramos cada día nos contenedores habilitados para cada tipo de residuo. Son moitas as opcións que temos dispoñibles para o tratamento dos residuos urbanos: compostaxe, recuperación e reciclado de residuos, incineración, vertido controlado, pirólisis, biometanización, gasificación, etc., pero ningún deles por si só resolverá o problema, de aí a necesidade

de complementar os procedementos.

O Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galiza está baseado en potenciar a recollida selectiva, reducir o volumen destinado a vertedoiro, o compostaxe e a valorización enerxética. En Galiza hai tres modelos de xestión: Sogama, Nostián e Barbanza, complementáanse entre si. Compostaxe para a fabricación de compost de calidade, vai a estar condicionada polo destino que se vai dar para conseguir unha boa aceptación dos seus potenciais consumidores, que determina o seu prezo de venda e as posibilidades de uso, é moi importante que o cidadán faga a separación e selección en orixe de forma correcta, coa finalidade de que a súa aplicación produza beneficios ambientais e conseguir o seu máximo aproveitamento no destino axeitado.



Caderno da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

A axenda galega: o financiamento

A febleza relativa tanto do bloque das esquerdas españolas (PSOE+Sumar=152/350 deputados) como do bloque das dereitas (PP+Vox+UPN=171/350 deputados) abriu unha fenda de oportunidade para que os soberanismos galego, catalán e vasco poidan introducir na axenda estatal importantes cuestións referidas á organización estrutural do Estado. Cada voto é fulcral, non só cara á investidura senón cara todas e cada unha das votacións da lexislatura.

É, logo, o tempo da reivindicación da axenda galega. Neste senso a negociación de JxCat co PSOE pola presidencia do Congreso apréndenos da importancia das ferramentas de convalidamento a respecto do cumprimento dos acordos acadados.

Porque é de coñecemento xeral que o PSOE asina acordos moi rápido e para cumprilos incorre nunha preguiceira e farchendosa lentitude.

O financiamento autonómico é unha destas cuestións fundamentais, cun sistema caducado dende 2014 que non é quen de fornecer Galicia (nin territorio ningún común fóra de Ceuta e Melilla) dos recursos precisos para financiar a xeito os nosos servizos públicos, malia achegar no 2021 5.082 M€ máis dos que recibimos do Estado (recadamos 13.974 e só percibimos 8.892).


Porque a centralización do ingreso nos territorios autonómicos de réxime común (todos agás Euskadi e Nafarroa) determina que o Estado conte cun excedente financeiro para os servizos da súa competencia, men-

tres que os principais servizos públicos (sanidade, educación, servizos sociais e cofinanciamento da dependencia), de prestación autonómica, son condenados a un delongado infrafinanciamento, que fana gravisísimamente tanto unha gobernanza acaída canto un autogoberno real.

Certo é que, nestas circunstancias, Galicia precisaría reivindicar o sistema de cota ("cupo" no castelán) proposto, hoxe polo BNG, onte polo BNPG, EG e polo vicepresidente Carlos Mella no 1984 (Goberno Albor de AP-Independentes) seguindo a nidia e infalíbel lóxica de "primeiro recado e, se cómpre, despois pregunto". Porque a centralización do ingreso é a chave do xogo de caloteiros que, no prexuízo da prestación dos servizos públicos galegos, adoita desenvolver o Goberno do Estado.

Malia esta verdade verdadeira é probábel que cumpra contar cun plan B neste eido, que só pode transitar polo afondamento na nosa autonomía financeira, incrementando substancialmente o 50%

de cesión da recadación do IRPF e IVE e o 58% dos impostos especiais. E, nomeadamente, engadindo ao conxunto dos impostos cedidos o Imposto (directo) de Sociedades (IS), de xeito que o domicilio social (adoito madrileño) sexa substituído canto o criterio para a imputación do beneficio fiscal polo do lugar de xeración do mesmo. De certo determinarmos o tal non ha ser automático, mais axiña contaremos con modelos matemáticos acaídos para saber que parte (90%, 94%...) do beneficio fiscal liquidábel no IS de ENCE, REPSOL e STELLANTIS devíndicase no noso País.



que Feijóo e Rueda nunca quixeron asumilos nestes case 15 anos).

Por outra banda precisamos dunha lei orgánica potente (promovida polo BNG e demais forzas soberanistas) para acadarmos a transferencia das competencias nos eidos do tráfico, da seguridade viaria, da policía de seguranza pública e das competencias do goberno e réxime local, a xeito de transformación estrutural do Estado para recoñecermos as competencias que todos os Estados federais e plurinacionais atribúenlle ás súas autonomía subestatais.

Mais as nosas competencias autonómicas coñeceron dende o ingreso nas Comunidades Europeas no 1986 un proceso de redución e homologación que ha ser freado de vez co gallo desta inusual oportunidade. Un proceso recentralizador sempre potenciado por eses árbitros caseiros que son os Tribunais Constitucional e Supremo que agora

cómpre ser, primeiro denunciado, logo remitido, en último de contas desfeito.

Tamén cómpre blindarmos a nosa lingua propia como preferente no uso público e civil e máis como vehicular en toda caste de ensinos. A medio dunha lei orgánica de linguas oficiais, cos mesmos devanditos promovedores, ampliaremos as estreitas marxes da cooficialidade do artigo 3 da Constitución para equiparar de vez xuridicamente o estatuto xurídico-constitucional do galego e do castelán. Lexislando a obrigatoriedade de uso e coñecemento do galego para todos os empregados públicos na Galicia Haberemos ter tempo abondo neste impasse político para analisarmos estas e outras cuestións.

A axenda galega: ampliarmos o autogoberno

Alabamos do financiamento do autogoberno galego como primeiro capítulo da axenda galega que compre levar ás negociacións previas á investidura. Hoxe é a quenda da propia ampliación das competencias públicas que alicerzan esse autogoberno.

O Estatuto de Galicia (EAG) recoñece a titularidade galega a respecto dalgunhas das competencias que non son efectivas pola falla do traspaso dos medios e servizos cos que o Goberno do Estado as xestiona. Velaí i) o ordenamento do litoral (artigo 27.3 EAG), ii) o traspaso da AP-9 e da AP-53 por decorrer íntegramente no territorio galego (artigo 27.8 EAG in fine), iii) as

liñas de alta tensión (LAT) Mesón do Vento-As Pontes e As Pontes-San Cibrao (artigo 27.13 EAG in fine), o ordenamento do sector pesqueiro (artigo 28.5 EAG), a inspección de traballo (derivada do artigo 29.1 EAG), competencias de execución en salvamento marítimo (artigo 29.3 EAG), inspección da Seguridade Social (artigo 33.2 EAG in fine) ou a xestión do seu réxime económico no territorio galego (artigo 33.2 EAG).

Tamén a xestión de bolsas e axudas ao estudo e a xestión dos museos, bibliotecas e arquivos de titularidade estatal (traspasos de servizos pactados xa polo vicepresidente Anxo Quintana en decembro de 2008 e

Aceros del Tea

Cando oio a palabra «cultura», boto a man á pistola". Esta frase, atribuída ao propagandista nazi Goebbels, revela unha realidade interesante: a cultura é sospeitosa en tanto que é identificada con actitudes críticas.

A razón do cambio de finalidade de Aceros del Tea responde, en parte, a esta cuestión. Se ben algúns poden sinalar que é un movemento do actual goberno para borrar o rastro do anterior, considero que o asunto vai máis alá. Tamén se pode sinalar que os poderes só entenden a produción de cultura cun interés económico. Tamén é outra conclusión válida, aínda

que parcial. Debemos comprender que estas actuacións no espazo común que é a cidade e o urbano, como ben sinalaba



Lefebvre, son sempre dentro dunha axenda, hai un significado subxacente.

A reflexión e búsqueda cultural e artística non ten sentido dentro do pensamento tradicionalista porque a Verdade xa foi anunciada. Esta é a idea básica que defende Umberto Eco no seu traballo sobre o fascismo eterno – ur fascismo –, no que sinala varios elementos que podemos relacionar coa situación actual. E só é utilizada a cultura – fíxense na elección da palabra – cando se lle pode sacar rentabilidade. Non ten por que ser económica, tamén pode selo a nivel político.

A cultura pode operar, sempre que sexa baixo as súas condi-

cións. Esta é tamén a esencia do pensamento de Lyotard, que ubica estas correntes conservaduristas e as acusa dun uso de figuras simbólicas – a praza de abastos – nunha clara intención utilitarista. A cultura importa en tanto que se poida controlar. Poden os lectores e lectoras facerse unha idea do lugar de Ponteareas que estou subliñando.

Se lamentablemente non somos quen de defender como comunidade espazos de cultura, voltemos a crealos de xeito descentralizado. Non permitamos que se oxide unha das ferramentas máis importantes da emancipación do ser humano, a Idea de liberdade. E pregunto, que significaron espazos de resistencia e autoxestión como O Fresco para Ponteareas?

Marcos Amado Rodríguez, "Santiso"

OPINIÓN

Por Nemésio Barxa.

Novidades de imprensa

Surpreendíame na pasada semana una noticia, assinada por Idoia Arreaza, que afirmava que as mulleres votavam preferentemente formacións de esquerdas e dava percentagens nas últimas eleccións, de 44'4% estas fronte ao 30% feminino que prefería dereitas. A verdade é que minha percepción (e probablemente a maioría da cidadanía) sempre foi outra, probablemente influída pola clarividente e certa Victoria Kent com o resultado do primeiro voto feminino na se-

gunda República e, mesmo pola minha profesión, o desembarco de mulleres na judicatura com abafante maioría de dereitas (também eles). Assumo e celebro a mudanza.

Outra noticia de Público de Portugal, agora inquietante. A de que nas "Jornadas Mundiais da Juventude", em Lisboa, grupos de jovens espanhóis berravam "Que te vote Txapote", cantavam o "Cara al Sol" e hinos e consignas fascistas, obrigando incluso á retirada de uma ban-

deira LGTBI. Inquietante e discordante, incluso com a postura equânime e de reconhecimento de direitos preconizada polo Papa.

Como inquietante resulta o Informe do Consello de Contas de que a Xunta de Feijoo deixou sem executar o 60% dos fondos europeos assignados a Galiza em 2.021,

Ou novidade, nada novidade, de que o governo do PP e mais VOX em Aragon realiza uma ofensiva contra o emprego do catalão nos territórios de fala catalana.

Muito interessante, para calar bocas, que o Estado espanhol transferiu a Galiza

5.082 M menos do recadado em 2.022. Somos credores, não devedores, á economía fiscal española.

E num sem sentido mais remato com a leitura de que a Deputación de Pontevedra (agora do PP) outorga 126.000 € em ajudas para ações a prol da lingua galega... mentras a repressão linguista da Xunta (do PP) continua.

Que edificante é a leitura dos jornais. *Quinta do Limoeiro, agosto de 2.023*




Por Baldomero Iglesias Dobarrío. Mero.

Aínda na resaca

Quédanos unha boa farta con maniotas, unha resaca inmensa despois de todas as eleccións e os convenios e pactos, a venda ao por maior. Pouca cousa que celebrar. E vendo os resultados, os números deixan un ronsel de síntomas evidentes da nosa fragilidade e do poder dos medios, do poder das mentiras ben contadas, do poder da falsidade que nos envolve, do poder do poder e de quen pode tirarse o farol. Vivimos moi sentenciados polas hábiles artes dos crápulas, polas malas calidades dun sistema levado a mínimos, xa que a calidade vai a menos e tamén as súas ofertas. Todo dá indefinido, as esquerdas capeando como poden, divididas e insolventes, as dereitas con pouca marxe para o exercicio do que soñan e que non lles outorga goberno, ninguén se fía desas nubes borrallentas. Ademais hai algo de frustrante e tristeiro que queda e é ese abuso desmedido das nosas vontades. Todo se fai pola mediación dos cartos que os poderosos poñen para garantir a "sorte" da participación adicta e faltan resortes legais que impidan o abuso, falta de liberdade, que atalle a mediación e a escasa capacidade de reacción que teña a sociedade civil para non deixarse influír no voto.

A solución, para que as eleccións fosen en verdade libres e sen manipulacións previas, sería impedir o acceso ás cabeceiras de prensa e medios de comunicación, ás ousadas enquisas demoscópicas -su-

postamente neutras- que levan eses trazos envelenados de xuízo e inducen ao voto. Chegados a onde estamos o máis probable sexa un goberno pouco estable e vinculado aos "debes" prometidos. Nesta asimetría que, á súa vez, deixa ver a falta de madurez e a incerteza do que veña despois. Xa se viu, todos saltando de ledicia,



todos gañando e soñan gobernar a base de contratos e contactos previos. O caso é non ter que repetir eleccións alá polo Nadal deste ano, polo que poida pasar. Si, porque pode haber castigos aos primeiros movementos, executados e nunca admitidos. En todo lugar cocen fabas e é

lamentable que en calquera escenario, sexamos nós, os votantes, os que pague-mos a conta e volvamos a non nos ver representados nese goberno do Estado. Moito menos protexidos de toda esa marea de formacións que se poñen de saldo na imposibilidade de gobernar, se se entende isto por poñerse ao servizo dos gobernados, nunha mínima calidade democrática e que respecte máis aos sectores menos protexidos. Quizais tampouco

fose mal deixasen algunha marca de decencia e dignidade, algún sabio elemento de cordura e pureza na sinxela verdade que debiera presidirnos. Sobre todo "feitos" que aposten por dar creto ás institucións e ás palabras feitas promesas no seu día. Anque temo teñan que baixar de novo a esa realidade da farsa, onde din e non fan, onde menten descaradamente, onde agachan os triunfos, onde medran os ananos, onde priva a confusión e a ocultación intencionada,

onde se moven privilexios de cupos, certos financeiros desiguais e todo, no medio das débedas non sabidas, con silenzos cómplices que darán lugar a máis inxustiza e maior distancia entre pobres e ricos, entre o público e o privado, o financiado e o subvencionado, a velocidade

que globaliza perdas e personaliza beneficios, a condonación das débedas, a fiscalización da verdade!

Vemos ese perverso horizonte de gasto, de trampa, de discurso falso, de provocación e insulto, de espectáculo procaz, que é tan só unha néboa de desculpas, máis do mesmo, amigos e componendas, redes clientelares ao máis vello estilo caciquil, todopoderosos que rompen as regras e seguen fuxindo -cando lles parece- a paraísos fiscais rompendo o carácter do xusto e do dereito que podería recompoñer ou reparar calquera desequilibrio cando se aplica e reparte sen privilexios, distribuindo en transparencia. Doado de dicir e debe ser tan complicado de levar a cabo!

Son esa xente que anda na política e que atende outros ditados, esquécelles o lugar de onde veñen, non atenden principios e van lonxe, pisan moqueta e de esguello miran para outro lado. Mentres, para nós, vai pasando o tempo e nada novo no horizonte. Vímonos convencendo de que non nos representan e de que andan lonxe do que un día soñamos. E nós non somos moi esixentes, tan só nos conformamos con que pillen aos que, no abuso, delinquen e que nesa groseira forma, paguen e devolvan o furtado. Non hai vontade nin ganas de intervir para o ben común, quizais haxa convenio e é entón cando temos que seguir agardando amenceres.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 658 58 50 49

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Redactor Xefe: Roberto Mansilla Blanco.

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - Pérez Lema - X. Glez. Mtnéz. - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Jesús Témez Fernández - Isidoro Gracia - Rafael José Adalid - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño.

PAIS BASCO: Nicolás Xamardo. **CANARIAS:** Fco. Puñal.

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

Mereces elixir

unha gran variedade
de marcas e produtos.

GADIS

... TIENESQUE

OURENSE

“O neno pastor que venceu o lobo”, de Sotelo Blanco, presentado en Castro Caldelas

O neno pastor que venceu o lobo. Lembranzas dun galego emigrado en Cataluña” é o recente libro de Olegario Sotelo Blanco nado en Quintela de Mazaira (Castro Caldelas) en 1945. Mari Carmen Romero presentou ó antropólogo de Lourdes, Manuel Mandianes Castro, que resumiu os cincuenta anos de amizade con Olegario. Ao remate da presentación abriuse un animado coloquio no que o público recalcou a sencillez, cercanía e humildade dun caldelao importante en varias actividades. Os participantes agradeceron a destacada aportación do autor do libro á cultura galega a través da editorial que leva o seu nome e subliñaron a súa calidade humana e o compromiso amosado a prol do desenvolvemento de Galicia.

O editor e escritor reparte a súa existencia de xubilado activo vivindo en Castro Caldelas e Barcelona sen facer ruído, pero fiel ao seu traballo por Galicia e Cataluña, a súa “prezada” segunda patria. Sotelo Blanco mira sempre cara o futuro, procurando que o permanente estado de provisio-

nalidade vital non despiste o rumbo trazado. Aínda que a súa faceta de editor e empresario marcou sempre a súa figura pública, tamén é un prolífico autor de ensaio e narrativa que deixa unha pegada valiosa para a cultura.

O escritor publicou en 1978 “Galicia pueblo emigrante ¿por qué?”. En 1981, sacou “Castro Caldelas y su comarca” e dous anos despois “88 gallegos. Una tierra a través de sus gentes”.

“Hermano Antonio” saíu en 1989 e “Justo Molinero. El gran comunicador”, en 1990. “Conversas con Xaime Quesada” apareceu en 1991 así como “A emigración galega en Cataluña”. Ao ano seguinte publicou “Antropoloxía cultural da Terra de Caldelas” e en 1993, “El problema de la vivienda. La pesadilla de encontrar un piso hoy”. No ano 1994 publicou: “A concentración parcelaria, “Contos de indianos,” e, “Os añaiores. Unha industria ambulante”.

“A volta ós mundos de Tucho” saíu en 1995. “El viaje de la vida”, en 1997. No ano 2001 Sotelo Blanco publicou “No houbo queixa e outros contos exempla-

res” e en 2017, “Quintela de Mazaira. Terra e xente”.

O neno pastor

En “O neno pastor que venceu o lobo”, Olegario Sotelo Blanco fai unha revisión das súas vivencias a través dun texto ameno e adegado de momentos de interese para o público lector. A figura singular do autor é, sin dúbida, un referente histórico, pois se trata dun dos máis importantes editores independentes en lingua galega que xorde tras a ditadura.

Sotelo Blanco dimensiona as anécdotas e os eventos persoais inseríndoos nas diferentes épocas que lle tocou vivir e nos lugares polos que transitou. A lectura do libro resulta amena e entretida ademais de mostrarnos con honestidade a súa dimensión humana.

A fortuna quixo que este neno pastor emigrase a Cataluña durante a primeira etapa do desarrollismo franquista. Alí coñeceu unha sociedade na que viu reflectidos os desafíos da súa amada Galicia en canto a nación política e cultural.

Mari Carmen Romero, prologuista deste volumen, expresa



Olegario Sotelo, Mari Carmen Romero e Manuel Mandianes.



Público asistente á presentación do libro.

con sagacidade o carácter que define o autor. “Devece pola súa terra e sempre lle pesou dalgún xeito a súa condición de ausente. Creo que a súa visión da emigración e a súa experiencia existencial como emigrante fraguaron nel unha personalidade controvertida

que non sempre é ben comprendida na propia Galicia”.

Este libro de memorias abre unha xanela ás facetas máis íntimas de Olegario Sotelo Blanco a través das que podemos comprender mellor o talle real deste labrego editor.



Tres millóns para oito quilómetros de sendas peonís

Xa está rematada a nova senda na estrada OU-101, de máis de dous quilómetros nunha zona de gran actividade económica e intensa circulación. Entronca coa que xa está en funcionamento dende o complexo de Monterrei e supón en conxunto máis de catro quilómetros de sendas que propician unha mobilidade segura e sostible.

As obras da senda afrontan os seus últimos traballos e en vindeiros días poráanse

en funcionamento. É unha obra moi importante acometida pola Xunta de Galicia na estrada da súa titularidade e que se executa ao paso polos concellos de O Pereiro de Aguiar, San Cibrao das Viñas e Paderne.

Unha actuación moi importante en materia de seguridade viaria e mobilidade sostible que se engade ao moito executado nos últimos catro anos. Son máis de oito quilómetros de novas sendas e 3,5 millóns de euros de investimento.



Instalación fotovoltaica no Pereiro de Aguiar



Continúan as melloras na aldea modelo de Reboredo (O Pereiro de Aguiar) grazas a unha subvención da Xunta de Galicia. As obras que están a piques de adjudicarse ascenden a máis de 150 mil euros e teñen por obxecto continuar mellorando os camiños e servizos da aldea en dúas zonas diferentes. Tamén, como novidade, acometase a realización dunha instalación fotovoltaica para reducir a factura do alumeadado público e loitar contra o cambio climático como complemento ao cambio a led

xa executado.

Por outra banda prosigue a instalación de colectores de roupa e calzado, coa colaboración de Insertega e Cáritas, polos principais puntos do Concello. Co obxectivo de acadar os 14 puntos de recollida, a día de hoxe xa están dez completados. “O compromiso do Concello coa axuda aos máis desfavorecidos e co medio ambiente é un dos obxectivos fundamentais da acción do equipo de goberno que seguirá co máis actuacións”, salienta o alcalde Luís Menor Pérez.

Subvencións para obras e melloras

Axunta de goberno da Deputación aprobou subvencións para obras e melloras de servizos en diferentes municipios por un total de 593.000 euros. O Concello de Allariz percibirá 150.000 euros para pavimentación e renovación de espazos rurais, así como outros 70.000 euros para pavimentación e renovación de espazos urbanos. O Concello de Porqueira benefi-

ciarase dunha subvención de 175.000 euros para servizos básicos (iluminación, calefacción, abastecemento, etc). No que respecta ao Concello de Pereiro de Aguiar, percibirá 150.000 euros para a execución da obra de eficiencia enerxética. Por último, o Concello de Paderne de Allariz recibirá unha subvención de 48.000 euros para a execución da obra de reparación do manancial de

San Xés.

Tamén aprobou modificar o importe inicial da obra de acondicionamento e mellora integral na estrada OU-1015 en Albarellos. O incremento, de 33.096,52 euros con cargo aos remanentes das achegas provinciais producidos por baixas nas licitacións do plan de obras do ano 2023, fixa a contía final da obra en 197.096,52 euros.

Café Pereiro
O teu lugar de encontro
Tfno. 988 25 93 84
32710 O Pereiro de Aguiar - Ourense

SANTABAIA RESTAURANTE
Fins de semana e festivos
menú especial
Churrasco para levar
Menús diarios
Carta

La Abadía
988 220 295
Valle Inclán, 43
Ourense
www.laabadiarestaurantes.es

CAFÉ BAR O' PIORNO
Almorzos. Tapas.
Menú do día.
Avda. de Portugal, 130
Tfno. 988 244 154
OURENSE

OURENSE

O Concello aprobou a nova ordenanza sobre terrazas en bares

O PP, coa súa abstención na sesión plenaria do Concello de Ourense, axudou a Democracia Ourensana a aprobar a nova ordenanza reguladora para a instalación de terrazas de hostalería. PSOE e BNG rexeitaron abertamente o texto. Un dos motivos é as dúbidas respecto a a accesibilidade das persoas con discapacidade.

A nova ordenanza establece que as terrazas estarán a unha distancia mínima de 1,80 metros das fachadas e a 40 centímetros do límite entre o bordo e a calzada. Con todo, o artigo 9 permite que as mesas e cadeiras colóquense pegadas á liña das vivendas “sempre que se coloque un paramento desmontable ou pavimento podotáctil que converta a terraza en detectable para as persoas con dificultade visual e permita a estas persoas continuar sen dificultade ou seu itinerario”.

O Concello solicitou á Comisión Técnica de Accesibilidade un informe, pero ese órgano dependente da Xunta de Galicia, evitou dar un ditame concreto e limitouse a lembrar a lexislación existente



nesta materia. O BNG insistiu en que a comisión debe pronunciarse antes de dar ou non o seu visto e praxe á ordenanza proposta.

Mantense o 100 % de superficie como guía. Os locais de hostalería xa non terán fixado un número concreto de mesas e cadeiras, senón que cada negocio poderá colocar as que queira no espazo que teña asignado. A este respecto, prevese que cada bar poderá ocupar a mesma superficie no exterior que a que ten no seu interior. Esa resolución causou polémica porque o PSOE propuxo nas súas alegacións que as terrazas só chegasen ao 50 % do tamaño de cada local. O goberno municipal opúxose frontalmente ao entender que sería “un cataclismo para a

hostalería”.

A ordenanza establece que nos meses de maio, xuño, xullo, agosto e setembro as terrazas deben estar recollidas ás 1.30 horas de domingo a mércores e ás 2.30 horas os xoves, venres, sábados e vésperas de festivo. No resto do ano, o peche fíxase ás 0.30 horas e á 1.30 dependendo do día.

A ordenanza elimina a obrigatoriedade de esixir informes aos bombeiros e a Policía Local antes de conceder licenzas de novas terrazas. “As emendas socialistas que Jácome desbota privarían a él e aos seus da concesión indiscriminada e arbitraria de licenzas de veladores a través da xunta de goberno”, argumentou Natalia González portavoz do PSOE.

A Casa do Legoeiro será oficina de turismo



Xosé Manuel Merelles Remy, director de Turismo de Galicia, e Gabriel Alén, delegado da Xunta en Ourense, presentaron o proxecto de execución da rehabilitación da Casa do Legoeiro, situada na Ponte Romana de Ourense, que albergará a oficina de turismo e un espazo de exposicións. Conta cun investimento por parte de Turismo de Galicia de 287.936 euros.

A Casa do Legoeiro xa albergou anteriormente a oficina de turismo, e agora coa rehabilitación contará tamén cun espazo habilitado para exposicións na súa planta intermedia, sumando un valor cultural e artístico. Está previsto que a rehabilitación de comezo en breve e as obras

estean rematadas nos primeiros meses de 2024.

“A apertura ou remodelación de infraestruturas turísticas sempre é unha boa nova, non só polo pulo que aporta á propia obra para resultar máis atractiva para os visitantes senón tamén porque a propia cidade como hoxe é o caso de Ourense vese beneficiada con esta reforma” indicou Xosé Merelles.

O proxecto engloba a rehabilitación interior e exterior do edificio. Vanse a levar traballos de reforma da cuberta, a restauración da fachada e carpinterías exteriores, así como recuperación de pavimentos e colocación de recuperadores de aire para mellorar a súa calidade.

Café Maio
988 10 10 63 .Rúa Velázquez, 29. OURENSE

FONTE DO VIÑO
Desaiunos. Rexós
Hamburguesas caseiras
Fútbol bar
T.655 09 28 55 Rúa Greco, 4. O COUTO (Ourense)

café Dali Tapas
Desaiunos. Menú. Racións variadas.
988 25 10 79 Rúa Dali, 7. O COUTO (Ourense)

Las tapitas de Marian
Empanada de maíz.
Arroz con zamburiñas. Ensaladas. Tarta de Allariz.
Rúa Lepanto, 19 . Tfno. 622 70 90 45 . OURENSE

Centenares de visitantes na Festa da Lamprea Seca

A XXVIII Edición da "Festa da Lamprea Seca" acolleu a centenares de persoas. O alcalde da localidade, Horacio Gil, en nome do Concello agradeceron a masiva acollida e a excelente xornada de convivencia a todos os asistentes.

Os días 11, 12 e 13 de agosto o Concello de Arbo, celebrou na Carballeira de Turbela a XXVIII Festa da Lamprea Seca coa degustación deste manjar rechea, en empanada e asada a brasa, onde centenares de visitantes e turistas se congregaron para honrar a nosa Raíña a "Lamprea" acompañada dos viños das Adegas



de Arbo.

Os visitantes tamén puideron gozar dun amplo e completo programa turístico e sociocultural que incluíu actuacións musicais

coas que se amenizou o encontro durante os tres días, unha andaina, unha marcha ciclista, visitas guiadas ao Museo Arbo e unha Feira de Artesanía.

As Neves instalará aerotermia na Casa do Concello e no Centro Cultural

A Deputación de Pontevedra sacou a licitación as obras de mellora da eficiencia enerxética na Casa do Concello e no centro cultural das Neves. O proxecto de instalacións de aerotermia sostibles enmárcase no programa de axudas para investimen-

tos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000), dentro do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España. A actuación, na que

se investirán 62.500 euros será financiada ao 85% polo IDAE, ao 8% pola Deputación de Pontevedra e ao 7% polos concellos.

A nova instalación permitirá que as emisións se reducen nun 55% na Casa do Concello en un 56% no Centro Cultural.

Éxito total a LXIV Festa do Viño do Condado



Os días 25, 26 e 27 de agosto Salvaterra de Miño celebrou a LXIV Festa do Viño do Condado do Tea con milleiros de visitantes tanto galegos como doutras partes da península.

Co humorista Roberto Vilar como pegoero, a música estivo presente cos grupos folclóricos e de baile de Salvaterra de Miño, charangas e coas actuacións de

Lucky Duckies, A Roda, Sonde-Seu, Fanfarria Taquikardia, O Fiadeiro, La Sombra de Justine e La Patrulla. Tamén a degustación e a gastronomía no Túnel do Viño que nesta terceira edición duplicou coa participación de adegas como Tintos Terras do Sur, Albariños Aravo, Eido da Fonte e La Val, Señorío de Rubiós, Piñeiral Señorío de Rubiós e Arbastrum.

Máis información na nosa web
www.novasdоеixoatlantico.com

expert SanFer

986 648 270

R/ Entrecines, 12
36440 AS NEVES

www.sanfer.net
sanfer@sanfer.net

PANADERÍA CONFITERIA

Lembranza

CAFETERIA

Entrecines, 20 - AS NEVES - Tel. 986 133 413
Trovador Xoan García de Guillade - Tel. 986 840 730
PONTEAREAS

Talleres
Guiller Motor

Pazo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)

Venta de vehículos usados

Tel/Fax 986 66 15 41

(SPG) TALLERES

**forjados
hinos. duran s.l.**

www.forjadosduran.com

Manuel García Araujo, s.l.

FERRETERÍA

ALUMINIO
JARDINERÍA
ELECTRODOMÉSTICOS
COCINAS HERVIDO Y CALEFACTORAS
PINTURAS
SUELOS Y ARCONES
ARTÍCULOS VINCENIA
PONTANERÍA
PISCINAS
COLCHONES

EXPOSICIÓN BAÑOS

ALUMINIO
PINTURAS
SANTEROS
CAPIRALS

Y ADEMÁS

BARRAS
PIEDRAS NATURALES
MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN

ALUMINIO DE BAÑO
MAMPARAS
HIDROMASAJE
ACCESORIOS BAÑO

TELAS TEP Y TERREAL
ENREJADOS Y CERRILLOS

AS NEVES 986 648 089
www.garciaaraujo.com

A CAÑIZA 986 651 289
mgaraujo@garciaaraujo.com

CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

Licitación de accesos en Coto e O Couto

O Concello iniciou a licitación para a mellora de accesos en Coto (Oleiros) e O Couto (Salvaterra) a través do Plan Camiños 2023-2024, financiada mediante a subvención da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural ao abeiro do Plan de mellora de camiños municipais por un importe de 55.166 euros (a dividir entre os dous anos), asumindo o Concello o valor restante de 11.584,86 euros.

O Concello segue co plan de mellora da súa rede viaria, neste caso coas obras de mellora de drenaxe e pavimentación de dous camiños municipais de acceso



aos lugares de Coto, na parroquia de Oleiros e O Couto, na parroquia de Salvaterra, que nestes momentos se atopan nun estado de notable deterioro. Con estas obras o que se pretende é mellorar

a calidade e a seguridade dos viais. Ademais no tramo do Coto en Oleiros executarase un tramo de cuneta revestida de formigón para dar solución a evacuación das augas pluviais no vial.

Instalada a pasarela peonil entre Oleiros e Leirado

Xa está rematada a instalación dunha pasarela na estrada PO-402 na senda entre Oleiros e Leirado. A senda, unha obra da Xunta de Galicia que unificará as parroquias de Oleiros, Fiolledo, Corzans e Leirado; ten un itinerario fundamentalmente de uso para os peóns que supón unha mellora de seguridade e accesibilidade.

Actualmente, xa hai tramos rematados e coa pasarela colo-



cada avanza na obra que dotará a veciños e veciñas de mobilidade

entre parroquias e conectará co centro urbán de Salvaterra.

Obradoiro sobre intelixencia emocional



Baixo o título "Toma de decisións e intelixencia emocional", o Concello de Salvaterra de Miño, en colaboración coa ANPA Chan da Ponte do IES Salvaterra de Miño, lanzan un obradoiro dirixido a mozos de idades comprendidas entre os 15 e 21 anos o día 7 de setembro de

xeito gratuito e con prazas limitadas.

A través deste módulo práctico e dinámico búscase que os participantes aprendan a tomar decisións e a identificar emocións de xeito que adquiran as ferramentas necesarias para a xestión emocional que precisan no día a día.

2m€ para renovar a iluminación LED

O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico ven de comunicar ao Concello de Salvaterra concesión da axuda de máis de 2 millóns de euros para o cambio a led en todo o municipio a través do PROGRAMA DUS 5000.

Esta acción está enmarcada dentro do Plan de Acción polo

Clima e a Enerxía Sostible que o Concello aprobou na anterior lexislatura. Este proxecto consiste na renovación das instalacións de alumeados exteriores no municipio, actuando nas case 5.000 luminarias existentes. Con esta actuación diminuírase a potencia de 400,62 kw a 178,42kw e conseguirase un aforro enerxético estimado dun 56%.

Salvaterra reformará o campo de Dextros

O Concello de Salvaterra de Miño ven de presentar un proxecto na convocatoria de axudas ó fomento do turismo deportivo sostible financiadas con fondos Next Ge-

neration UE do Consello Superior do Deporte para o ano 2023. Neste proxecto plantéxase unha reforma de 600.000 euros para mellorar as instalacións do Campo de Fútbol Antonio Gán-

dara Bernárdez-Dextros, onde se contemplan diferentes melloras como a de eficiencia enerxética. O proxecto foi redactado grazas a unha subvención de 5.000 euros do PERTE.

Festivos locais para 2024

O 31 de xullo na sesión ordinaria do Pleno Municipal aprobáronse os festivos locais para o ano 2024. Ao coincidir a festividade de San Lou-

renzo, o 10 de agosto, en sábado trasladouse ó 13 de maio, festividade de Fátima. A outra data aprobada foi o luns do Cristo, o 10 xuño, como xa é habitual.

CERRAJEROS Y MULTISERVICIOS HOGAR

O REMENDÓN

637 764 865

www.cerrajeroremendon.es

24h.

CAFÉ-CONCERTO

vagalume

RUA MARQUES DE VIANA 11, SALVATERRA DE MIÑO

www.vagalume-salvaterra.info

entradas en @negotiumreflexiones

Agrícola

"A Sementeira"

PIENSOS - CEREALES - SEMILLAS - AGRÍCOLA

JARDÍN - SULFATOS - ABONOS / SUSTRATOS - ETC

Teléfono: 966 65 93 94 - 606 74 60 09

c/ Pza Galicia, 2 Bajo - SALVATERRA DE MIÑO (al lado del IMA)

SALVATERRA DE MIÑO

Ampliación do taboleiro da Ponte Internacional con Monção

O Boletín Oficial do Estado con data do 17 de agosto de 2023 ven de publicar a resolución que permitirá a Xunta de Galicia e Goberno Portugués iniciar os trámites para a elaboración do proxecto de avaliación técnica e de custos da ampliación do actual taboleiro da Ponte Internacional Suso Vaa-monde.

O proxecto, enmarcado dentro do Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostible e o Plan de Movilidade Urbana Sostible do Concello de Salvaterra de Miño, posibilitará a instalación dun carril bici e peonil na ponte que une Salvaterra de Miño con Monção.

Dita resolución chega despois



de anos traballo conxunto cun protocolo asinado o 28 de outubro de 2021 na cumbre España-Portugal e de acordo co asinado o 15 de marzo de 2023 na cumbre España-Portugal de Lanzarote.

Agora España da luz verde para que se poida iniciar a elaboración dun proxecto ambicioso que mellorará a accesibilidade sustentable e a seguridade entre a Eurocidade Salvaterra- Monção.

VI concentración de Clásicos Fiolledo



A primeira fin de semana de setembro a Asociación Cultural Club de Clásicos Fiolledo Condado Paradanta organiza a sexta edición da Concentración de coches clásicos e ruta "Clásicos Fiolledo" en Salvaterra de Miño. A organización conta con máis de 200 participantes.

A xornada dará comezo ás 09:00 da mañá coa recepción de coches no Parque da Canuda e ás 10:00 saíran os coches cara a ruta que parará para comer no Restaurante Castelo e que despois seguirá o seu percorrido ata o Campo de Fútbol de Corzáns onde haberá diferentes actividades, comida, música e sorteos.

Reparacións nas casas de cultura de sete parroquias

O Concello de Salvaterra de Miño ven de rematar as obras de mellora e reparación nas Casas de Cultura de Fiolledo, Corzáns, Meder, Leirado, Soutolobre, Lourido e Alxén.

Estas obras enmárcanse dentro do plan de mellora nos servizos e infraestruturas que o Concello está realizando que consisten na reposición de tellas e arranxo no tellado, limpeza de cuberta, aplicación de hidrofugante, formación de caneletas, reparación de grietas e pintado exterior.

O plan de mellora dos servizos



municipais, do que forman parte estas obras das casas culturais, é

o Plan Concellos da Deputación de Pontevedra.

O bádminton triunfa no Cantabria Top TTR solares



Catro nenos salvaterrenses triunfaron na competición Cantabria o TOP TTR solares en distintas categorías. As irmáns Eva e Inés Lemos, acadaron a Prata feminina en dobres sub-13, sendo Inés 3ª

no individual e Eva 5ª. E os tamén irmáns Pablo e Alba Fernández, sendo Pablo sub 9, un 2º posto en dobres masculino formando parella con Álvaro Gómez, ademais dun bronce no Individual sub 11.

www.novasdoeixoatlantico.com

El Rincón de Mary

SALVATERRA DE MIÑO Telf: 609 31 28 66

PANADERIA A BROA CAFETERIA

Puza - San Mateo - Ponteareas
Teléf. 986 657 577 - Móvil, 639 817 090

Despachos:
Ponteareas - C/. Estrada, N.º 15 - Teléf. 986 660 951
Salvaterra de Miño
C/. Rosalia de Castro, s/n. - Teléf. 986 075 874

Qué Pelusilla!

que.pelusilla ☎ 687 34 85 87

C/ RAIÑA DOÑA URRACA, 20
36450 SALVATERRA DE MIÑO

BAIXO MIÑO

TUI

Solicitado PIE para a inserción laboral feminina

O Concello de Tui presentou ante a Xunta de Galicia a solicitude dun Programa Integrado de Empleo (PIE) para mulleres, tomando en conta que a taxa de desemprego feminina no municipio duplica á masculina. O investimento previsto ascende a 247.191,01€. De ser concedido desenvolverase durante un ano, con inicio previsto en novembro.

O programa vai dirixido a 100 mulleres e fixa coma obxectivo a inserción de máis do 45% das participantes. O actual PIE que deu inicio en febreiro ten empregado ao 70% dos participantes. A nova iniciativa contén formación



na busca de emprego, coaching e orientación, preparación dunha entrevista de selección de persoal, intelixencia emocional, emprendemento e obradoiros de mobili-

dade laboral, centrados principalmente en Portugal en colaboración co Eures Transfronteirizo, e sobre o uso da Intelixencia Artificial para mellorar a procura de Emprego.

O tudense Manu Garrido estará en Campionato Mundial de Piragüismo

Manu Garrido, o coñecido deportista tudense que asombrou ao mundo do piragüismo ao lograr a medalla de ouro no Campionato Mundial de C1 Maratón 2022, viaxará o vindeiro 5 de setembro a Vexen, Dinamarca, coa honra de representar a España no prestigioso Campionato Mundial de Piragüismo 2023.

Con 34 anos de idade, o tudense converteuse nunha verdadeira icona do deporte. O seu compromiso inquebrantable e a súa tenacidade levárono á cima do piragüismo mundial o ano pasado, cando se



alzou co título de Campión Mundial nunha actuación espectacular, ademais de gañar o Campionato de Europa este pasado 15 de xullo.

que lle fai estar en disposición de revalidar o seu título e colocarse unha vez máis á cabeza do deporte mundial.

As augas do río Miño foron testemuña das súas primeiras paladas e desde entón acompañaron a Manu en cada un dos seus adestramentos.

O vindeiro 2 de setembro terá lugar o seu novo desafío, 22 km separano da meta, pero Manu Garrido está decidido a deixalo todo na auga. Despois meses de duro adestramento diario, chega á cita co campionato mundial no seu mellor momento, tanto físico como mental, o

II edición do "Andatui" de Fortaleza en Fortaleza

Baixo a guía do historiador Suso Vila, o sábado 23 de setembro o club Andatui realizará a segunda edición De fortaleza en fortaleza, un evento de ocio onde mesturaremos sen-

deirismo con turismo histórico, visitando cinco fortalezas defensivas da fronteira máis antiga de Europa.

Nesta ruta, duns 23 quilómetros, visitaremos cinco fortalezas defensivas situadas ao carón do río Miño. Unha xornada de sen-

deirismo na que realizaremos unha visita guiada polas fortalezas de Tui, Valença, san Francisco de Lovelhe, castelo de Vila Nova de Cerveira e san Lourenzo de Goíán. Cinco fortalezas de catro poboacións (Tui, Valença, Vila Nova de Cerveira e Tomiño) que conforman dúas Eurocidades, dous países, tres linguas e todas elas unidas polo río Miño.

O MUMI terá espazo para editoras musicais galego-portuguesas



O vindeiro 23 de setembro, o MUMI 2023 contará cunha nova actividade dirixida á promoción e venda física de producións editoriais e discográficas da industria galega e portuguesa, dentro do apartado bautizado como Espazo Loja, e concebido como un Encontro de Editoras Musicais. O encontro acollerá os catálogos das editoriais portuguesa Tradisom, e das galegas aCentral Fol-

que e Através Editora.

Presentarase así a novela gráfica "Zeca Afonso. A Balada do Desterro", da ilustradora portuguesa Maria João Worm e a escritora galega Teresa Moure, editada conxuntamente por aCentral Folque e Tradisom e ambientada na Revolución dos Cravos en Portugal. A novela supón o debut de Teresa Moure como guionista de banda deseñada.

CHAMBO LIBRIS
ASOCIACIÓN SOLIDARIA

■ FOGAR DO LIBRO USADO
■ OBRADOIROS
■ RECITAIS
■ TERTULIAS
■ PRESENTACIÓN DE LIBROS

Rúa Alfonso Vázquez Fraile, 7 PONTEAREAS

ALFESO
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B Ponteareas T. 986 66 00 00

TUI

Renumeración dos inmobles en Tui

O Concello de Tui comezou a renumeración dos inmobles do termo municipal, un cambio co que se pretende pór fin aos problemas que se rexistraban até a actualidade tanto no referido á denominación coma a numeración das vivendas e fincas.

Unha empresa contratada polo Concello comezou a colocar en todo o termo municipal, agás no centro urbano, as placas identificativas co nome do barrio ou rúa e o número correspondente. Este proceso é totalmente gratuito para os veciños e veciñas, que o único que deben facer é facilitar a colocación da mesma



por parte dos operarios da empresa contratada e, no caso dos que deban mudar o enderezo, notificalo ante as empresas de

servizos de auga, luz, telefonía e organismos como o SERGAS, Axencia Tributaria, Tráfico e Seguridade Social.

Concello advirte de aplicar a Ordenanza de Limpeza

Ante a intensa temporada turística e de visitantes no municipio e as secuelas que deixa en materia de limpeza, o Concello de Tui pediu á veciñanza e á hostalería unha maior responsabilidade no cumprimento da Ordenanza de Limpeza.

Consideraron que as empresas dedicadas á hostalería e ao turismo, ao igual que as de que calquera outro sector, teñen a política da 'responsabilidade social', o compromiso e a obriga de buscar e promover o benestar social e a mellora do entorno no máis amplo sentido da palabra, tanto



físico coma social.

O Concello puxo en marcha unha campaña de control da Ordenanza de Ornato Público e Limpeza. Sen ser esta a intención do goberno o incumprimento da normativa pode acarrexar sancións, dende 200 € para as infraccións leves até os 800€ para as máis graves.

Gran acollida ao programa "Coñece o noso patrimonio"

Organizadas polo Instituto de Estudos Tudenses e a Asociación de Muíñeiros do río Tripes coa colaboración do Concello de Tui, o programa "Coñece o noso patrimonio" tivo unha gran acollida dentro das visitas guiadas organizadas este mes de agosto.

Así cubríronse as prazas ofertadas nas cinco actividades organizadas: a conferencia e visita á necrópole de San Bartolomeu; a ruta guiada pola igrexa de San Bartolomeu por José Ramón Fernández; o percorrido polo lavadoiro de Riomuños guiado polo historiador tudense Suso Vila sobre "O barrio histórico de Riomuños"; a visita á Catedral de Tui organizada pola profesora da



USC Marta Cendón Fernández para coñecer o seu pasado medieval; e a ruta serán "As murallas de Tui" co arqueólogo Juan José Perles Fontao. A estas cinco vi-

sitas súmanse as tres organizadas aos muíños do río Tripes pola Asociación de Muíñeiros do Tripes tamén coa colaboración do Concello.

O CEIP de Guillarei estreará comedor escolar



O servizo de comedor escolar do CEIP de Guillarei estreará comedor escolar no curso 2023/24 tras as obras realizadas no centro cun investimento de 15 mil euros por parte do Concello de Tui con fondos propio.

A construción consistiu na

instalación de tarima vinílica e zócalo no chan, e falso teito con nova luminaria, e mosquiteiras nas ventás. Amais colocáronse módulos de cociña con fregadeiro de 2 senos, billas de pedal con regulación de temperatura, e encimeira.

www.novasdоеixoatlantico.com

GL3

Muebles, descanso y decoración

Calle Orense, 4 - 36700 - TUY

Tlf: 986 60 30 54 - 639 83 86 72

Talleres Silva
MECÁNICA
CHAPA
PINTURA
Talleres Silva
Lugar A Sangriña, s/n - A GUARDA.
Telf: 986 614 281 - 698 155 549 silvatalleres@gmail.com

LA GRAN MANZANA
CAFÉ & HELADERÍA
Paseo de Calvo Sotelo, 31. Tui

BAIXO MIÑO

A GUARDA

A Guarda e Caminha buscan revalorizar o río Miño

Os alcaldes de Caminha e A Guarda reuníronse o 30 de agosto en Caminha, para tratar os expedientes que ambos teñen entre mans e que son comúns aos dous concellos do río Minho. Algúns dos expedientes tratados refírese á conexión fluvial entre Caminha e A Guarda que, desde 2020, está suspendida, inicialmente polas restricións de circulación como consecuencia do Covid-19 e, posteriormente, pola seguridade do peirao de embarque na Pasaxe, que se atopa actualmente en reparación.

Unha das preocupacións expresadas tamén se relaciona coa colmatación do río Miño e da canle do Ferry, que pon en risco



a súa navegabilidade. A cooperación institucional tamén foi un tema central do encontro. A creación dunha eurocidade entre Caminha e A Guarda é un dos temas que os alcaldes pretenden de-

senvolver a curto prazo. Cultura e deporte serán unha ponte que pretenden explorar entre as dúas ribeiras do río Miño. Tamén se tratou o tema dos parques eólicos na costa atlántica.

Festas das Mercedes da Gándara 2023



O Concello da Guarda presentou a programación das Festas das Mercedes da Gándara 2023, contando coa asistencia do alcalde, Roberto Carrero e doutras autoridades municipais e que se celebrarán do 2 ao 24 de setembro.

A programación congrega actividades deportivas, culturais, gastronómicas e de ocio, contando coa Baixada de Carrilanas, o Torneo da Cachiza, as Carreiras Pedestres, os concertos, as exposicións, a XXXV Festa da Zorza e moito máis.

600 composteiros domésticos

Gracias ao Plan de Compostaxe Revitaliza da Deputación de Pontevedra, o complexo medioambiental de Cerceda, desta última vez doou o Concello da Guarda un total de 25 composteiros individuais, que se suman aos 50 que xa doara o ano pasado, conseguindo así que a vila Guardesa chegue a ter case seiscentos composteiros repartidos entre os veciños.

Nesta cita, a mestra compositora fixo unha pequena formación aos veciños para ensinárlles dende como se monta o composteiro ata que se debe botar ou onde é



o lugar mais axeitado para telo. Á reunión de entrega dos composteiros acudiron tanto o Alcalde

da Guarda, Roberto Carrero como a Concelleira de Medio Ambiente, Vanesa Alonso.

Exposición “Fotografía Viva” na Casa dos Alonso

Dende o pasado 21 de agosto a sala de exposición da Casa dos Alonso acolle unha exposición fotográfica

de Jaume Bonallach, Dionisio Ameal, José Carlos Castro e Lalo Rodríguez.

Cada un amosa a súa visión,

sexa en retrato ou paisaxe, empregando diferentes técnicas, o que aporta variedade e interese a esta ecléctica exposición.

ITV para ciclomotores en outubro

A Unidade Móbil 9 de inspección técnica de ciclomotores desprazarase ao Concello da Guarda o 4 e 5 de outubro e estará na Estación de Servicio San Roque.

O horario de atención será de 9:00 a 13:30 pola mañá, e de 15:15 a 18:00 pola tarde. O servizo prestarase en horario de mañá e tarde todos os días, agás o día 5 que será horario só de



mañá. Para solicitar cita previa: por teléfono: 902 30 90 00 ou na web: www.sycitv.com - Cita previa.

Renovación do DNI en setembro

Dende o 29 de agosto se poden solicitar as citas para a visita das unidades móbiles no Concello para a renovación do DNI correspondente ao mes de setembro.

A Unidade Móbil desprazarase á Guarda o 8 de setembro e a recollida de documentos terá lugar o 13 de setembro. Ata entón,

aquelas persoas que de xeito urxente necesiten realizar a renovación do seu DNI, poderán acudir ás oficinas de expedición de Tui (na rúa Párroco Rodríguez Vázquez, 3) ou Vigo (rúa Álvaro Cunqueiro, 6) previa solicitude de cita no teléfono 060 ou ben a través da páxina web www.citapreviadni.es.

TEMPOS
CENTRO DE ESTUDOS

- Reforzo escolar
- Motivación
- Técnicas de estudo
- Preparación de exames
- Orientación educativa

Avda. de Galicia, 4- 1º PONTEAREAS. Telf: 675 088 316 - info@academiatempos.es

Óptica mahen
mahen Ópticos desde 1939

Nº Reg. Sanitario E-28-800136

PONTEAREAS
rúa senén canido, 4

Baiona recibe a visita da cónsul de Cuba

O alcalde de Baiona, Jesus Vázquez Almuiña, recibiu por primeira vez á cónsul xeral de Cuba para Galicia, Asturias e Cantabria, Dona Ingrid Izquierdo Sterling.

Os temas para tratar nesta visita son os ligados ao irmandamento que desde hai 22 anos temos con Rafael Freyre, na provincia de Holguín, de Cuba. Os representantes consulares de Cuba sempre estiveron presentes en todos os actos ligados ao mundo iberoamericano, en especial o 12 de outubro e A Arribada da Carabela a Pinta.



Na reunión falouse de potenciar os lazos entre os dous pobos, especialmente nos ámbitos cultural e social, cunha aposta clara por parte da Cónsul para incrementar a súa presenza na Arribada.

ADETO volve con "O teu Comercio na Rúa"

Este sábado 2 de setembro volve a Festa do Comercio á Praza do Seixo en Tomiño organizada pola Asociación de autónomos de comercio, hostalaría, industria e de centros comerciais abertos de Tomiño (ADETO) co apoio do Concello e da Xunta de Galicia.

Baixo o lema 'O teu comercio sae á rúa' máis dunha vintena de establecementos da localidade e dos arredores estarán presentes



con postos de moda, complementos, xoiería, artesanía, xoguetería, decoración, e un amplo etcétera de produtos. Tamén haberá actividades para os máis pequenos, inchables e música en directo.

ADETO continúa coa campaña do Pasaporte para premiar a fidelidade dos clientes sorteando 500 euros en vales de compra entre os que poñan seis selos diferentes nos establecementos e o entreguen antes do día 15 de setembro.

PP Tomiño esixe cubrir a praza de tesoureiro

A voceira do grupo municipal do PP de Tomiño, Lara Meneses, vén de esixirle ao goberno local que cubra de inmediato a praza de tesoureiro municipal con motivo da xubilación do seu titular, xa que advirte

que esta vacante pode ocasionar importantes retrasos nos pagos a provedores, moitos dos cales son, ademais, empresas do propio municipio.

Meseses revelou que o pago a provedores do Concello de Tomiño

pechouse o pasado 2022 a unha media de 13 días desde a conformación da factura no seo dos servizos municipais, pero incrementouse por riba dos 19 días á conclusión do primeiro trimestre do presente 2023.

"Peregrinarte" para difundir o Camiño Portugués

O Concello de Baiona organizou o 31 de agosto no Parque da Palma o primeiro "Festival Peregrino: Peregrinarte" pensado para potenciar o Camiño Portugués da Costa entre a veciñanza, os peregrinos

e os visitantes. A través de obradoiros e iniciativas interactivas para toda a familia, o evento contou coa participación de Pepo Suevos, Manuel Manquiña, Pili Pampín e o Bruxo Queimán co seu espectáculo "Queiman Folk!".

"Galicia sabe amar" en Oia

A campaña "Galicia sabe amar" chegou a Oia este 30 de agosto a través dun foodtruck estacionado na Praza Centinela coas súas propostas gastronómicas, para promover o produto galego da terra e do mar.

Tamén á mesma praza chegaron ese día os obradoiros dixitais para persoas maiores da iniciativa

"Enredando Tour" que pon en marcha a Cruz Vermella xunto con AMTEGA.

Finalmente, a Asociación de Veciños de Viladesuso e a Comunidade de Montes de Viladesuso organiza o 3 de setembro O Rei Sol, un evento cultural e divulgativo centrado na promoción do patrimonio, a tradición e a etnografía da nosa contorna.

O "avó de Oia" cumpre 102 anos



O veciño de maior idade do concello de Oia, Abel Diego Acevedo, cumpriu os 102 anos cheo de saúde e ledicia. Natural de Acevedo (Loureza), este veciño de Burgueira celebrou esta data tan especial na compañía dos seus seres queridos así como recibiu a visita da alcaldesa, Cristina Correa, e máis a tenente de alcalde, Carmen María Estévez.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

XXVIII Día de Galicia en Asturias con homenaxe á Policía Local de Oviedo

A Asociación Día de Galicia en Asturias de Oviedo celebrará desde o venres día 15 ao domingo 17 de setembro os actos anuais. No encontro empresarial que se celebrará na Cámara de Comercio, o venres ás 13 horas, homenaxearase a empresas asturianas e galegas. Nissan Gruporesnova, Matadero Central de Asturias, Real Cofradía de Amigos de los Quesos del Principado, Pulpería El Molino-Tierras Gallegas, Consello Regulador de

Valdeorras, Casa Piano-Restaurante de Ribadeo, Grupo GA Hotel Resort, Reny Picot, BNI Asturias, Fedecor, Estudio 27, Asociación de Hosteleros de Gascona, Supermercados Mas y Mas, Asociación de la Empresa Familias de Asturias (Aefas), Publímas e Inetum.

O sábado 16 ás 19,30 horas será a homenaxe á Policía Local de Oviedo e a muller guarda civil no 35 aniversario do ingreso no Corpo da institución. Será no

Auditorio Príncipe Felipe coa actuación musical de Antonio Barros que ofrecerá un concerto acompañado da pianista Ialma e actuará a soprano Tina Gutiérrez. As doce da noite ofrecerase queimada de balde a quen acuda á carpa que a asociación terá aberta desde o día 7 ao 17 na rúa Picasso. Nesta carpa haberá postos para a degustación de produtos de Galicia e Asturias e permanecerá aberta para almorzos e ceas. Por primeira vez a coo-



Manuel Fernández Quevedo entregando diploma a Orlando Alonso Villarón en 2022.

perativa agraria Sofragal, con sede en Luintra (Nogueira de Ramuín), participará na actividade gastronómica na carpa presentando o seu produto: castaña deshidratada pelada, fariña de castaña, bicas e gallegas de castaña.

O domingo 17 na catedral de Oviedo oficiárase unha misa cantada por Tina Gutiérrez ás 11 da mañá. Será ás 12,45 cando se entreguen as insignias de ouro e os carnés de socios de honra no Hotel Reconquista. Nesta edición serán para Amancio López Seijas, presidente do Grupo Houtusa e para Ramiro Fernández Alonso, psicoesteta e ex concelleiro da Corporación Municipal de Oviedo. Ás 14,30 horas servi-

rase o xantar oficial no restaurante do Hotel Reconquista.

Logo de vinteito anos, o presidente da asociación, Manuel Fernández Quevedo, lembra que foi no ano 1995 cando "un grupo de bos amigos namorados da nosa querida Galicia tivemos a idea de fundar unha entidade que reforzase aínda máis a unión e irmandamento da terriña con este Principado". Alfredo Canteli, alcalde de Oviedo, subliña que "galegos e asturianos compartimos moito máis que o mero feito de pertencer a dúas terras fronteirizas. Temos problemas similares aos que en moitas ocasións tratamos de dar solución de forma conxunta. Compartimos sentimentos, tamén inquietudes."



Adolfo Domínguez tamén recibiu a insignia de ouro na pasada edición.

BAR ORELLAS

Orella, rabo, anchovas.
Lacón e cachucha cocidos e prensados.
Paletilla, lomo, chourizo, salchichón e marcón ibéricos.
Queixos: Arzúa, manchego e fresco.

Santo Domingo, 2 OURENSE 988 37 25 59

acouBAR

Comida tradicional galega
Especialidade: Cachopo.

Rúa Fornos, 6. Tno. 689 63 14 16 OURENSE

ALPENDRE PULPO

Tapas, revoltos, montados.

Rúa Fornos, 2. Casco Vello OURENSE

MESÓN DO MANOLO

Menú diario 11 euros.
Fin de semana 15 euros.

Carta: Cordeiro, ameixas, anguías, cocido galego (xoves e domingos)

Rúa Greco, 21 OURENSE

988 22 14 58 Hilario Serodio Grande (xerente)